

Expediente	808/2026
Trámite	ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DA PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE CONCURSO – ASESOR/A XURÍDICO/A EN EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N.º 2026/0550

No salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Meis, sendo as 08:00 horas do día 10 de agosto de 2026, reúnen os membros do Tribunal Cualificador designado para o proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de persoal laboral temporal na categoría de asesor/a xurídico/a, mediante concurso, como consecuencia da excedencia voluntaria da persoa que actualmente desempeñaba o posto, así como a constitución dunha bolsa de emprego.

Estando presentes:

Presidenta (Titular)	María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de A Lama
Secretario (Titular)	Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis
Vogal (Titular)	María del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora do Concello de Portas
Vogal (Titular)	María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis
Vogal (Titular)	Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis

Faise constar que Dna. María del Carmen Carracelas Rosales asiste e participa na sesión por medios telemáticos, ao atoparse fóra da localidade, quedando garantida a súa identidade, a continuidade da comunicación, a interactividade e intercomunicación en tempo real e a súa participación efectiva nas deliberacións e na adopción dos acordos, de conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Presidencia declara validamente constituído o Tribunal Cualificador e aberta a sesión, procedéndose seguidamente á realización das seguintes actuacións:

PRIMEIRO. ALEGACIÓNS Á BAREMACIÓN PROVISIONAL

A Presidencia deu conta da Resolución de Alcaldía n.º 2026/0550, de 30 de xullo de 2026, pola que se estimou parcialmente o recurso de alzada interposto por D. Rafael Riveiro Álvarez contra o acordo deste Tribunal Cualificador de data 10 de xullo de 2026, relativo á valoración definitiva da fase de concurso, acordándose a retroacción das actuacións ao momento anterior á valoración da fase de concurso.

En cumprimento do disposto na citada Resolución, o Tribunal procedeu á revisión da documentación acreditativa dos méritos presentados polas persoas aspirantes e á súa nova valoración conforme aos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria, aprobando, na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2026, a nova valoración provisional dos méritos correspondentes á fase de concurso e concedendo ás persoas aspirantes un prazo de dous días hábiles, contado desde o día seguinte ao da publicación dos resultados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, para a formulación das alegacións que estimasen oportunas.

Dentro do prazo concedido, tivo entrada escrito de alegacións presentado por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar (registro de entrada número 2026-E-RE-1213, de 03/08/2026), no que solicita a revisión da puntuación outorgada, alegando, en síntese, que:



1. Os servizos prestados no Concello de Gondomar como Técnico de Administración Xeral (TAG) deberían ser considerados equivalentes aos de asesor/a xurídico/a e, polo tanto, valorados no apartado A do baremo.

2. A experiencia profesional adquirida na empresa privada debería ser valorada en 42,4375 puntos, atendendo á vida laboral achegada e á documentación que presenta respecto dos servizos prestados para Urbes Gestión del Suelo, S.L. e D. José Germán Prieto Besada. Achega copia auténtica do certificado de Urbes Gestión del Suelo S.L. das tarefas desempeñadas, e na que expresamente consta que traballou como asesora xurídica.

O Tribunal procede á análise das alegacións formuladas:

A alegante manifesta que os servizos prestados no Concello de Gondomar como Técnico de Administración Xeral implicaban a realización de informes xurídicos e a tramitación de expedientes de natureza xurídica, considerando que as funcións desenvolvidas serían asimilables ás propias dun posto de asesor/a xurídico/a. Así mesmo, sinala que as funcións desempeñadas coinciden sensiblemente coas enumeradas na base terceira da convocatoria e fai referencia á súa condición de avogada colexiada non exercente.

A estes efectos, en primeiro lugar, cómpre lembrar que o Tribunal Cualificador debe executar a Resolución de Alcaldía n.º 2026/0550, de 30 de xullo de 2026, na que xa se resolveu expresamente esta cuestión.

Na citada resolución determinouse que a Base 9.^a, apartado A, das bases reguladoras establece que unicamente será valorable a experiencia profesional adquirida na Administración Pública na categoría profesional de letrado/a ou asesor/a xurídico/a (ou equivalente), debidamente acreditada mediante a documentación esixida nas propias bases.

Así mesmo, a Resolución de Alcaldía examinou especificamente a documentación correspondente aos servizos prestados no Concello de Gondomar, concluíndo que a certificación expedida pola Secretaría Xeral dese Concello identifica os servizos prestados como correspondentes a unha praza de Coordinadora dos Servizos Administrativos (Técnico de Administración Xeral), pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, sen que na documentación achegada constase que a praza ou posto desempeñado fose de letrado/a, asesor/a xurídico/a ou equivalente.

A propia resolución sinala expresamente que a posible equivalencia debe resultar debidamente acreditada mediante a documentación esixida nas bases, non sendo posible presumila a partir da denominación das funcións desenvolvidas ou doutras circunstancias non acreditadas documentalmente.

O Tribunal Cualificador, en execución da referida resolución, procedeu á revisión da documentación presentada por todas as persoas aspirantes aplicando un criterio único, homoxéneo e estritamente conforme ás bases, comprobando especificamente que a experiencia profesional na Administración Pública correspóndese efectivamente á categoría profesional de letrado/a, asesor/a xurídico/a ou equivalente e que tal circunstancia estivese debidamente acreditada.

As manifestacións realizadas agora pola alegante sobre as funcións efectivamente desenvolvidas como TAX, aínda que describan tarefas de natureza xurídica, non permiten alterar a conclusión anterior, pois non se achega documentación expedida pola Administración correspondente que acredite que a praza ou posto desempeñado tivese a consideración de letrado/a, asesor/a xurídico/a ou equivalente para os efectos da Base 9.^a.A.



A realización de funcións de contido xurídico dentro dun posto de Técnico de Administración Xeral non determina, por si soa, que a categoría profesional ou posto desempeñado sexa equivalente á de asesor/a xurídico/a esixida polas bases.

Tampouco pode producir tal efecto a alegación relativa á condición de avogada colexiada non exercente da interesada, por tratarse dunha circunstancia persoal que non acredita que os servizos concretamente prestados no Concello de Gondomar o fosen nunha categoría profesional ou posto de traballo susceptible de valoración conforme á Base 9.^aA.

En consecuencia, esta alegación debe ser **DESESTIMADA**. Non procede modificar a puntuación outorgada neste apartado, mantendo a valoración efectuada na baremación provisional.

Igualmente, a alegante manifesta que, conforme á súa autobaremación e á vida laboral achegada, debería obter 42,4375 puntos pola experiencia profesional en empresa privada, correspondentes, segundo o seu escrito, aos períodos traballados para Urbes Gestión del Suelo, S.L. e D. José Germán Prieto Besada.

Achega, entre outra documentación, un certificado de Urbes Gestión del Suelo, S.L., no que se fai constar a prestación de servizos como avogada entre xaneiro de 2007 e marzo de 2021.

A Resolución de Alcaldía n.º 2026/0550 xa determinou expresamente que, respecto da experiencia profesional adquirida na empresa privada, as bases establecen un sistema de acreditación taxado, esixindo a achega conxunta do contrato de traballo e do informe de vida laboral, e sinalando que os servizos que non se acrediten na forma prevista nas bases non poderán ser obxecto de valoración.

A mesma resolución constatou que, no caso de Urbes Gestión del Suelo, S.L., o contrato de traballo que figuraba no expediente acreditaba exclusivamente a prestación de servizos entre o 8 de xaneiro de 2007 e o 7 de xaneiro de 2009, sen que constase contrato que amparase o resto do período que figuraba na vida laboral ata o 5 de marzo de 2021.

Igualmente, respecto do período indicado como traballado para D. José Germán Prieto Besada, a resolución constatou que non se achegara o correspondente contrato de traballo, figurando no expediente un documento que constituía unha reprodución do contrato anteriormente referido e que non gardaba relación con aquela relación laboral.

A nova documentación achegada coa alegación debe ser valorada, polo tanto, conforme ás bases e aos criterios fixados na Resolución de Alcaldía.

Neste sentido, o certificado emitido pola empresa non pode substituír o sistema de acreditación establecido nas bases cando estas esixen expresamente a achega do contrato de traballo e do informe de vida laboral.

A vida laboral permite acreditar os períodos de alta e cotización correspondentes, pero non substitúe, por si soa, a documentación requirida polas bases para acreditar a categoría profesional concreta na que se prestaron os servizos.

Do mesmo xeito, a certificación empresarial achegada coa alegación non permite, por si soa, considerar acreditados os períodos para os que non consta no expediente o correspondente contrato de traballo nos termos esixidos pola convocatoria.

Cómpre lembrar que o Tribunal Cualificador está vinculado polas bases da convocatoria e pola Resolución de Alcaldía que ordenou a nova valoración, polo que non pode establecer un sistema de acreditación distinto do expresamente previsto.



En consecuencia, esta alegación debe ser **DESESTIMADA**. Non procede recoñecer os 42,4375 puntos solicitados pola alegante, mantendo a puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional na nova baremación provisional.

Analizadas as alegacións formuladas por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar e a documentación que as acompaña, o Tribunal considera que **non se achegan elementos documentais novos que permitan modificar a puntuación provisional atribuída na acta de 31 de xullo de 2026**.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DA PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE CONCURSO

Á vista do exposto, o Tribunal Cualificador acorda, por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar, mediante escrito presentado con data 3 de agosto de 2026 e rexistro de entrada número 2026-E-RE-1213, contra a nova baremación provisional da fase de concurso aprobada polo Tribunal Cualificador en sesión de 31 de xullo de 2026.

Segundo.- Aprobar, como consecuencia da resolución das alegacións formuladas dentro do prazo concedido, a valoración definitiva dos méritos correspondentes á fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de asesor/a xurídico/a e constitución dunha bolsa de emprego, mantendo as puntuacións resultantes da baremación provisional aprobada na sesión de 31 de xullo de 2026.

En consecuencia, a puntuación definitiva da fase de concurso queda establecida nos seguintes termos:

Praza de persoal laboral temporal por vacante na categoría Asesor/a Xurídico/a					
FASE DE CONCURSO					
NIF	Nome completo / Rexistro	Puntuación por servizos prestados	Puntuación por titulación adicional	Puntuación por cursos de formación	Puntuación total
***1742**	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	60,00	0,00	30,00	90,00
***3149**	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA ESTHER	33,25	0,00	30,00	63,25
***1285**	ROIS MÉNDEZ MARÍA JOSÉ	30,50	0,00	30,00	60,50
***4154**	NOGUEIRA GONZÁLEZ PABLO RODRIGO	0,00	10,00	30,00	40,00
***5816**	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ	6,00	0,00	30,00	36,00
***1127**	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA	0,00	0,00	30,00	30,00
***6257**	GARCÍA-MON BARREIRO MARÍA DEL PILAR	14,75	0,00	6,50	21,25
***0510**	RIVERO GARCÍA MARÍA LUISA	0,00	0,00	14,90	14,90
***9140**	OUTEDA RIVAS RITA	0,00	0,00	8,50	8,50
***4655**	GARRIDO MUÑOZ MARÍA ISABEL	0,00	0,00	5,00	5,00
***4732**	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ RICARDO	0,00	0,00	5,00	5,00

Terceiro.- Declarar, en consecuencia, definitivas as puntuacións anteriormente indicadas, sen que proceda efectuar modificación ningunha respecto da baremación provisional.



TERCEIRO.- ACORDOS

Á vista do actuado, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto nas Bases que rexen a convocatoria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar a nova valoración definitiva dos méritos correspondentes á fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de asesor/a xurídico/a e constitución dunha bolsa de emprego, nos termos recollidos na presente acta.

Segundo.- Propoñer ao órgano competente a contratación de D. RAFAEL RIVEIRO ÁLVAREZ, con NIF ***1742**, como persoal laboral temporal na categoría de Asesor/a Xurídico/a, ao ser a persoa aspirante que obtivo a maior puntuación na fase de concurso, cun total de 90,00 puntos.

Terceiro.- Propoñer, así mesmo, a constitución dunha bolsa de emprego ou lista de agarda, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, atendendo ás puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso.

Cuarto.- Publicar a presente acta no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>], para os efectos de notificación ás persoas interesadas.

Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou os integrantes deste órgano de selección, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan deducir calquera outro recurso que estimen procedente conforme a Dereito.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as nove horas do luns, día dez de agosto de dous mil vinte e seis, a señora Presidenta dá por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión. Para a súa constancia, expídese a presente acta, coa conformidade de todos os membros do Tribunal, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

